

Chovía

- ¿Estás ben?¿Magoácheste? - el, preocupado.

- Si... non... uff, levei un bo croque, pero... polo menos non rachei o pantalón - ela.

- As beirarrúas da Coruña non che son tan milagreiras coma os santos de Santiago, non insistas - el, rindo - toma caeuche isto - dixo dándolle un feixe de planos que lle caera ao chan.

- Gracias, moitas gracias... - ela, mentres se limpaba.

- ¿Gracias?¿Gracias e máis nada?¿Non me vas dar dous bicos, o número de teléfono e pedirme que case contigo? - el, todo afectado.

Ela sorriu, saíulle sen querer. Era a primeira vez, naquel día gris, que sorría. Fixéralle gracia, conseguira sorprendela. Claro que o dixera en broma, pero tivera gracia. Doulle os dous bicos e unha tarxeta co número de teléfono.

- Para o de casar vas ter que traballar un pouquiño máis - ela.

El riu.